

## Teatro do Noroeste estrea 'As damas de Ferrol' no Jofre, unha traxicomedia negra en clave feminista

Clara Gayo dirixe a posta en escena desta obra a ritmo de jazz que ten a Mónica Camaño e Casilda Alfaro como protagonistas

O espectáculo poderase ver no Teatro Jofre de Ferrol este venres 1 e o sábado 2 de decembro, ás 20.30 horas

As entradas seguen á venda na plataforma [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) e, o mesmo día da función, na billeteira do teatro

A obra está producida por Teatro do Noroeste e conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Agadic e a colaboración do Concello de Ferrol



De esq a dereita: Eva Alonso, Mónica Camaño, Eduardo Alonso, Clara Gayo, Blanca G. Agulló, Jacobo Sutil e Casilda Alfaro na presentación da obra 'As damas de Ferrol'

**Ferrol, 29 de novembro do 2023.-** O **Teatro Jofre** xa está listo para recibir de novo, dúas décadas despois, a obra ***As damas de Ferrol*** de **Teatro do Noroeste**, desta volta revisada e actualizada baixo a dirección de **Clara Gayo**. O **venres 1 e o sábado 2 de decembro, ás 20.30 horas**, as actrices **Mónica Camaño** e **Casilda Alfaro** tomarán o escenario con esta traxicomedia escrita por **Eduardo Alonso** na que a cidade ferrolá ten tamén un papel protagonista. As entradas para asistir á obra seguen á venda na web de [Ataquilla](https://ataquilla.com) con prezos que oscilan entre os 10 e 12 euros máis gastos de xestión.

Esta mañá, mércores 29, os medios puideron albiscar o humor negro que destila *As damas de Ferrol* nunha presentación que contou coa participación de Jacobo Sutil, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Xunta de Galicia, Blanca G. Agulló, responsable da produción executiva do Teatro Jofre, Eduardo Alonso, Clara Gayo e de boa parte do equipo artístico do espectáculo.

En *As damas de Ferrol* dúas supostas irmás xa maiores, Lourdes e Maruxa, noutrora vinculadas á clase acomodada, viven agora soas e na miseria, vítimas do seu delirio e entre os cascallos dese pasado perdido que choran. A obra desenvólvese como unha comedia circular na que se mesturan a realidade e a fantasía. Absurdos e disputas danse a man nunha peza en clave feminista cunha marcada crítica social.

Nesta posta en escena de Clara Gayo, que confesou que tivo “plena liberdade creativa” no seu labor, hai unha revisión estilística do texto orixinal e mais a introdución de elementos simbólicos e surrealistas a través da escenografía de **Carlos Alonso**. A trama ideada por Eduardo Alonso hai vinte anos segue a estar vixente e respéctase na montaxe, xa que a historia destas damas de Ferrol pode ser a doutras mulleres en calquera cidade hoxe en día. Como salienta Gayo, “o que mudou, o que evolucionou neste tempo é a mirada do público”.

Mención á parte merece a música composta por **Chefa Alonso**, que, a ritmo de jazz, atravesada dun xeito orgánico toda a obra. O diálogo por veces caótico, por veces melódico que adoitan establecer os instrumentos neste xénero musical é perfecto para amparar a acción escénica e para reforzala. O resultado, en palabras da compositora, é “música para un texto desapiadado nun mundo sen esperanza”.

*As damas de Ferrol* está producida por Teatro do Noroeste e conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e a colaboración do Concello de Ferrol. O equipo da obra está integrado por Clara Gayo (dirección), Mónica Camaño e Casilda Alfaro (elenco), Eduardo Alonso (texto e deseño de iluminación), Chefa Alonso (música orixinal), Carlos Alonso (escenografía e vestuario) e Eva Alonso (produción). Logo da súa estrea en Ferrol comezará unha xira que xa ten datas confirmadas no Carballiño.

## **SOBRE A COMPAÑÍA**

**Teatro do Noroeste** é unha compañía de teatro galega fundada por Luma Gómez e Eduardo Alonso en 1987. Na súa dilatada traxectoria leva producido e distribuído unha morea de espectáculos. Entre estas pezas atópanse textos clásicos, como *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais; textos máis contemporáneos, como *Os xustos*, de Albert Camus; de autores galegos, como *Historias peregrinas* e *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, ou *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, entre outros.

Tamén realizou montaxes de textos infantís como *Piratas*, con autoría de Alonso, ou *Touporroutou da lúa e do sol*, de Roberto Vidal Bolaño. Outra das súas grandes producións foi o musical *Imperial Café Cantante, Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, que recibiu os Premios María Casares ao mellor texto, mellor escenografía, mellor vestuario, mellor música e mellor iluminación. As súas montaxes *Extrarradios (Comedia das mulleres desamparadas)* e *Último cowboy* alzáronse co Premio Max ao mellor espectáculo en galego nos anos 2008 e 2011, respectivamente.

#### CONTACTO DE PRENSA

*The Office Comunicación*

Bea Pérez | 604 070 409 - [bea@theofficeco.es](mailto:bea@theofficeco.es)

Luisa Castiñeira | 620 113 155 - [luisa@theofficeco.es](mailto:luisa@theofficeco.es)

**PRESS KIT DO ESPECTÁCULO 'AS DAMAS DE FERROL'** | [https://cutt.ly/Damas\\_Ferrol](https://cutt.ly/Damas_Ferrol)

*(Dossier, nota de prensa, fotos, audios e cartel)*

**MÁIS INFORMACIÓN** | [www.teatrodonoroeste.com](http://www.teatrodonoroeste.com)

**VENDA DE ENTRADAS** | 10 - 12 euros + gastos de xestión

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/teatro/teatro-jofre/16452--as-damas-de-ferrol.html>



Fotos de ensaios | Créditos: Chiripa